

**LINGUA, PATRIMONIO E
COÑECEMENTO TRADICIONAL:
UNHA PROPOSTA DE
TRABALLO PARA AS AULAS**

Sónia Valente Rodrigues

Centro de Linguística da Universidade do Porto

Marta Negro Romero

Instituto da Lingua Galega - Universidade de
Santiago de Compostela

DOI: 10.17075/lpct.2022.005

1. INTRODUCCIÓN

O programa *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional (LPCT)* é unha acción do Plan Proxecta¹ da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, plan que ten por finalidade fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas que promovan o traballo cooperativo, interdisciplinario e competencial, pero que ademais estean comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

O programa, promovido polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, pretende achegar o alumnado dos centros de ensino participantes á cultura local e tradicional mediante a recolleita dos coñecementos e palabras asociadas a partir do relato dos seus familiares e da veciñanza. A finalidade desta acción é promover a documentación e análise dun corpus de material léxico vinculado con actividades da cultura patrimonial, integrando habilidades, saberes e competencias adquiridos por diversas vías.

LPCT incorporouse á súa vez ao proxecto GEOARPAD, enmarcado no programa operativo EP-INTERREG V A España-Portugal (POCTEP). Este proxecto transfronteirizo tiña como finalidade fundamental o coñecemento e valorización do patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.

A andaina de *LPCT* iniciouse no ano lectivo 2017/2018 coa elaboración de formularios para a recolleita de léxico de diversos campos semánticos, dunha guía de traballo e das follas de cálculo para o rexistro dos datos. Todos estes materiais foron incorporados ao blog² creado para o programa, onde tamén se ofrecen recursos de utilidade, información sobre actividades relacionadas co proxecto e onde poden consultarse algúns dos materiais elaborados polos centros durante

1. <https://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta>

2. <http://ilg.usc.gal/palega/>

a súa participación no programa. No ano lectivo seguinte incorporáronse como organizadores o Centro de Linguística da Universidade do Porto e o Centro de Estudos em Letras da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, o que supuxo a inclusión da Escola Básica e Secundária de Rebordosa³ (Paredes, O Porto) entre os centros participantes, e seguiu-se co traballo de elaboración dos cuestionarios, o cal continúa a día de hoxe. Ata este momento participaron 28 centros de ensino⁴, algún dos cales repetiu a experiencia en máis dun ano lectivo.

En todos estes centros, o programa permitiu desenvolver o traballo educativo interdisciplinario, con base en relacións pedagóxicas cooperativas, orientadas a consolidar e a desenvolver as competencias do alumnado en áreas como linguas e textos; información e comunicación; raciocinio e resolución de problemas; pensamento crítico e creativo; sensibilidade estética e artística; relación interpersoal; e saber científico, técnico e tecnolóxico. O potencial educativo e de desenvolvemento do programa favorece as abordaxes pedagóxicas innovadoras, que estimulan o alumnado tanto para conducir o seu propio proceso de aprendizaxe, a través da realización de actividades debidamente orientadas, coma para procurar solucións a problemas estratexicamente suscitados polo persoal docente a través dos materiais de traballo que conteñen as instrucións para a realización do proxecto.

2. OBXECTIVOS

O propósito do programa é achegar o alumnado á cultura local e tradicional, xa que pola súa idade ten, polo xeral, pouco contacto con ela, o que provoca o seu descoñecemento. Esta aproximación realízase mediante a colaboración na conformación dun corpus que reúna material léxico vinculado coa cultura patrimonial e obtido directamente das xeracións que o conservan. En relación con este propósito establécense unha serie de obxectivos xerais e específicos:

-
3. Neste mesmo volume pode consultarse o capítulo da autoría de Ivone Monteiro onde explica o traballo levado a cabo polo alumnado desta escola.
 4. O traballo levado a cabo polo CPI Plurilingüe de Vedra e o IES Mendiño de Vigo, dous dos centros participantes en *LPCT*, aparece descrito de xeito detallado en dous capítulos deste volume. Ambos os dous constitúen un bo exemplo do funcionamento do programa e da diversidade de actividades que se poden realizar de xeito paralelo á recolla de léxico.

a) Obxectivos xerais

- Promover o uso da lingua galega.
- Promover o interese polo patrimonio material e inmaterial, fomentando a inmersión do alumnado na sociedade e a súa interacción e diálogo coa veciñanza.
- Achegar o alumnado ao coñecemento da cultura local e tradicional.
- Implicar distintos departamentos didácticos, pois o alumnado poderá realizar traballos de investigación co léxico recollido relacionados co patrimonio antropolóxico, lingüístico, natural, xeográfico, histórico e artístico do contorno do centro.
- Fomentar a interacción do alumnado con persoas doutras xeracións (familia ou veciñanza) na procura de información.
- Axudar os rapaces e rapazas a redescubrir o léxico da súa contorna grazas ás familias e aos veciños e veciñas. O seu labor é fundamental non só respondendo as preguntas que lles fagan sobre o propio léxico, senón tamén facendo memoria sobre usos ou crenzas non presentes no día a día da vida comunitaria.
- Incorporar tecnoloxías da información e da comunicación vinculadas á linguaxe audiovisual e á xestión e tratamento da información.

b) Obxectivos específicos

- Reflexionar sobre a importancia do coñecemento e conservación do patrimonio cultural e lingüístico e contribuír á súa valorización.
- Indagar sobre o léxico herdado de nomes e usos tradicionais, tanto de elementos materiais (alimentación, artesanía, medio natural, xoguetes etc.) coma inmateriais (toponimia, fraseoloxía, refraneiro, literatura popular, crenzas, diversións etc.).
- Recoller léxico patrimonial no medio en que vive o alumnado, favorecendo o seu coñecemento, conservación e transmisión.

- Documentar os resultados da actividade incorporando tecnoloxías da información e da comunicación vinculadas á linguaxe audiovisual e á xestión e tratamento dos datos lingüísticos e doutra información; inclúese de forma opcional o relativo á gravación e difusión de entrevistas con informantes, tanto en formato vídeo coma só en audio.
- Organizar e analizar a información obtida no proceso de aprendizaxe.
- Realizar traballos de investigación co léxico recollido para coñecer o patrimonio antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico da contorna do centro.
- Divulgar os resultados do proceso de aprendizaxe entre a comunidade educativa e na súa bisbarra.

3. METODOLOXÍA

3.1. Obtención da información

As persoas responsables do programa no Instituto da Lingua Galega elaboramos unha guía de traballo⁵ dirixida ao profesorado participante en que se ofrecen indicacións básicas sobre o labor de documentación dos materiais: selección das persoas informantes, características da enquisa e procesamento da documentación recollida.

A selección de informantes debe realizarse tendo en conta o seu coñecemento sobre o campo léxico investigado, é dicir, homes e mulleres adultos (máis de 40 anos) que, pola súa experiencia profesional ou vital, tivesen relación coas actividades relacionadas con ese campo. Ademais, advírtese de que as persoas entrevistadas deben ser informadas do obxectivo da enquisa e de que os datos recollidos se empregarán para ter un maior coñecemento da cultura local. Os alumnos e alumnas deben procurar que as persoas entrevistadas se decaten do valor cultural e lingüístico da información que coñecen e do interese de que ese coñecemento se conserve e transmita.

En canto á enquisa, no blog do proxecto ofrecemos unha serie de cadernos de traballo que se poden descargar, xa que para os alumnos e alumnas pode resultar


5. http://ilg.usc.gal/palega/wp-content/uploads/2018/01/Gu%C3%ADa-de-traballo_PaLeGa.pdf

máis cómodo empregar un formulario impreso en papel que lles permita anotar de xeito fácil as respostas e realizar todas as anotacións precisas. Nestes momentos dispoñíbilízanse cuestionarios⁶ para traballar sobre dez campos semánticos: a apicultura; a madeira e a carpintería; o mar; as medidas; o muíño; o pan; o porco e os embutidos; os tecidos e a costura; o viño e a vendima, e os xogos e os xoguetes. Temos que precisar que as persoas coordinadoras do programa en cada centro poden modificar os cuestionarios e engadir e/ou eliminar preguntas. Ademais, tamén poden propoñernos temáticas para a elaboración de novos cuestionarios segundo os seus intereses. Así sucedeu, por exemplo, co cuestionario da madeira e da carpintería; o centro interesado neste tema sitúase nunha rexión cunha importante industria madeireira, polo que elaboramos o formulario a petición súa.

En canto á tipoloxía dos formularios, todos presentan unha primeira páxina para anotar información relativa á enquisa: nome da persoa responsable da enquisa, centro de ensino e curso, lugar en que se recolleu a información (parroquia e concello), datos da persoa informante (idade, lugar e concello de nacemento e de residencia) e observacións.


Co obxectivo de facilitar a obtención de datos e non provocar o desánimo no alumnado, os cuestionarios son breves, arredor dunhas vinte preguntas, e conteñen cuestións de carácter xeral, sobre o campo semántico correspondente, que poden ser de resposta pechada ou aberta (vid. Imaxe 1). A enunciación é simple para axudar á súa comprensión e, normalmente, as preguntas van acompañadas dunha ou de varias imaxes que tamén poden descargarse de xeito independente no blog para a súa visualización nun ordenador portátil, nunha tableta ou nun teléfono móbil.

6. http://ilg.usc.gal/palega/?page_id=117



Imaxe 1. Exemplos de pregunta de resposta pechada e de resposta aberta

Temos que sinalar que no caso do galego, a diferenza dos cuestionarios empregados en portugués, elaboramos preguntas dirixidas á recuperación de denominacións patrimoniais substituídas por castelanismos ou por voces coincidentes coas castelás. Este é o caso da pregunta da Imaxe 2, coa que se pretende recuperar formas galegas como *faragulla*, *frangulla* etc. para referirse aos pequenos fragmentos que se soltan do pan ao cortalo ou manipulalo.



Imaxe 2. Pregunta para recuperar a forma patrimonial galega

Cada unha das preguntas ocupa unha páxina do cuestionario e nela hai espazo para anotar a resposta ou respostas, a categoría gramatical de cada palabra e a súa definición, así como comentarios sobre usos, crenzas, cantigas e refráns etc. Tamén se debe sinalar se se sacou algunha fotografía, se se realizou algún debuxo ou se hai unha gravación relacionada con esa cuestión.

3.2. Rexistro dos datos

No blog do programa ofrécese para cada un dos formularios unha folla de cálculo (Excel ou OpenDocument) para o rexistro dos datos obtidos. Na primeira páxina desta folla é preciso indicar o nome do centro de ensino, o da persoa responsable da enquisa e o curso. Nas seguintes páxinas preséntanse as distintas preguntas do cuestionario e en cada unha delas, de recollerse léxico, hai que indicar en columnas diferentes a resposta ou respostas (forma da palabra recollida), a categoría gramatical, a definición (explicación do significado da palabra recollida), o concello (nome oficial no Nomenclátor) e a parroquia. Existe unha última columna que permite anotar observacións. Temos que sinalar que os datos imprescindibles que hai que consignar son a forma ou formas léxicas e o concello, xa que esta información é necesaria para a inclusión das diversas voces no *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués (TLPGP)*. Esta base de datos léxica en liña⁷, desenvolvida no Instituto da Lingua Galega baixo a dirección de Rosario Álvarez e coa colaboración de universidades brasileiras e portuguesas, permite o acceso rápido e cómodo a información contida en traballos de léxico dialectal de galego, portugués de Portugal e portugués do Brasil.

Para a transcripción das respostas debe seguirse o principio de máxima fidelidade á lingua dos e das informantes; en consecuencia, respectaranse e anotaranse as súas características lingüísticas propias. O criterio é achegarse o máis posible á pronuncia de quen dá a información. Supoñamos que a persoa entrevistada di *pilete* (*pelete*): debe transcribirse a forma tal e como foi pronunciada, *pilete*. Se di *sesta* onde se esperaríase *xesta*, transcribirase *sesta*. Se di *murgo*, debe anotarse *murgo* e non *musgo* etc.

Hai que ter en conta que, con posterioridade, os lingüistas imos facer un traballo de lematización para incorporar a información ao *TLPGP*, isto é: quen


7. <https://ilg.usc.gal/tesouro/>

busque pola forma estándar *peletre* ten que poder encontrar todos os datos de todas as variantes presentes na base (*peletre, pelete, pilete*), pero quen busque unha variante concreta (*pelete*) tamén ten que poder localizala e comprobar a súa extensión; por iso, debe consignarse tal e como a proporcionou a persoa informante.


Recomendamos que a tarefa de rexistro dos datos na folla de cálculo sexa realizada en grupo, xa que deste xeito poden poñerse en común aspectos relacionados coa diversidade lingüística (variacións nas formas e no significado das palabras). Tamén se pode aproveitar para traballar cuestións relacionadas co uso dos dicionarios (elaboración de definicións segundo a clase de palabra definida, tarefa para a que poden tomar como modelo, por exemplo, as do *Diccionario da Real Academia Galega*), coas clases de palabras, co tratamento informático da información lingüística e co coñecemento da cultura tradicional.

6. Como se chama o utensilio de pesca que consiste nunha rede en forma de saco ou manga, suxeita a un aro de ferro ou madeira, que vai unido, á súa vez, a un mango?

Resposta 1:
Categoría gramatical:
Definición:




Resposta 2:
Categoría gramatical:
Definición:



	A	B	C	D	E	F
1	6. Como se chama o utensilio de pesca que consiste nunha rede en forma de saco ou manga, suxeita a un aro de ferro ou madeira, que vai unido, á súa vez, a un mango?					
2	Resposta	Clase de palabra	Definición	Concello	Parroquia	Observacións
3	TRUEL	subs. masc.	O truel pode usarse para recoller a sardíña que cae do aparello.	Redondela	Cedeira/Cesantes	
4	GHANAPÁN	subs. masc.	Aparello formado por un aro que leva pendurada unha rede en forma de saco, unido a un mango longo.	Redondela	Cesantes/O Viso/Quintela/Saxamonde/Cedeira/Reboreda/Redondela/Portela	
5	SALABARDO	subs. masc.	Utensilio de pesca consistente nunha rede en forma de saco ou manga, suxeita a un aro de ferro ou de madeira, que vai unido, á súa vez, a un mango, en particular o que se emprega para coller o peixe cercado polo aparello e botalo nunha embarcación.	Redondela	O Viso/Reboreda/Quintela/Cedeira	
6	ZALABARDO	subs. masc.		Redondela	Cedeira/Cesantes	se cadra ultracorrección do seseno
7	DRAGHA	subs. fem.	Máquina que se emprega para dragar.	Redondela	Cedeira	
8	RACU	subs. masc.	Rede de cerco empregada na pesca da sardíña.	Redondela	Cesantes	
9	TRUEIRO	subs. masc.	Aparello de pesca que consiste nun aro cunha rede en forma de saco, atado a un mango longo.	Redondela	Saxamonde/Quintela/Portela	
10	COPE	subs. masc.	Parte da rede do aparello, a xeito de bolsa, onde se concentra o peixe.	Redondela	Cesantes	
11	TRUEIRO	subs. masc.	Aparello de pesca que consiste nun aro cunha rede en forma de saco, atado a un mango longo.	Redondela	Portela	

Imaxe 3. Exemplo do tratamento dos datos recollidos polo IES Mendiño na pregunta 6 do cuestionario do mar

Unha vez que recibimos os datos dos centros a través dos formularios de Google⁸ subidos ao blog do proxecto, comezamos a realizar o seu tratamento para incorporalos ao *TLPGP*, onde poderá localizarse a información de cada centro baixo o nome deste xunto ao ano en que foi recollida (vid. Imaxe 4). Non nos imos deter en explicar o funcionamento do *Tesouro* e no traballo que realizamos os membros do equipo sobre o léxico para a súa inclusión na base por non ser o obxectivo deste artigo. Para ter un maior coñecemento sobre estes aspectos pódese consultar o capítulo de Álvarez de la Granja neste mesmo volume ou o traballo de Negro Romero e Santos Palmou (2020).



Imaxe 4. *Truel* e *ghanapán*, variantes rexistradas polo IES Mendiño, no *TLPGP*

8. http://ilg.usc.gal/palega/?page_id=41

4. O POTENCIAL EDUCATIVO DO PROGRAMA *LPCT*

4.1. O ensino e a aprendizaxe de lingua

A aula de lingua asume claramente a perspectiva do desenvolvemento de competencias como base do proceso de ensino e aprendizaxe cando é entendida como “lugar aberto à linguagem e às suas múltiplas manifestações” (Serôdio 2006:112) e como espazo privilexiado para o desenvolvemento da lectura, da escrita, da comprensión e da expresión oral, da educación literaria e do coñecemento explícito da lingua.

En canto ao coñecemento explícito da lingua, existen evidencias científicas (Rodrigues & Silvano 2023) sobre os resultados das estratexias orientadas á reflexión e á descuberta, como o laboratorio gramatical (Duarte 1992, 2008) e a pedagogía dos discursos (Fonseca & Fonseca 1990), tanto en si mesmas coma integradas nunha estratexia artellada conxuntamente (Silvano & Rodrigues 2010).

O paradigma reflexivo implica a guía do profesorado para que os alumnos e alumnas se acheguen á lingua como obxecto de coñecemento, desenvolvendo non só consciencia e coñecemento explícito sobre ela, senón tamén competencias transversais asociadas a procedementos metódicos e sistemáticos de recolla e tratamento de datos, de observación e xeneralización e de expresión e comunicación do coñecemento. Isto é o que se propón nas abordaxes pedagóxicas denominadas “activas” como, entre outras, a aprendizaxe colaborativa, a aula invertida (*flipped classroom*) e a aprendizaxe baseada en casos ou en proxectos. Destacaremos esta última no caso particular da aprendizaxe de L1, posto que é a que corresponde ao programa *LPCT*.

4.2. Aprendizaxe baseada no traballo por proxectos

A implicación efectiva do alumnado na realización de actividades de aprendizaxe significativa, alén dun tempo-espazo adecuados, supón que o profesorado teña a posibilidade de realizar itinerarios pedagóxico-didácticos orientados á optimización do desenvolvemento significativo do estudantado.

O impacto dos percorridos pedagóxico-didáticos baseados en proxectos na aprendizaxe do alumnado é, desde hai tempo, coñecido e sinalado nos traballos de investigación, que destacan, entre outros beneficios:

A oportunidade que ofrecen para “desenvolver nos estudantes maior capacidade e responsabilidade, estimular os estudantes a pensar neles propios como aprendizes (aprendizagem ativa), criar independencia e apropiación da aprendizaxe, promover a aprendizaxe colaborativa, incentivar a creatividade, crear un ambiente rico de aprendizaxe dentro e fora da sala de aula, promover novas habilidades (resolución de problemas, pensamento crítico, etc.)” (Esteves 2007).

Nesta forma de organización do itinerario formativo dos alumnos e alumnas, a aprendizaxe resulta da súa implicación ao longo dun proceso concibido polo profesorado para a resolución de problemas ou dun problema nuclear que é o desencadeante de toda a acción pedagóxica. É importante explicitar os principios basilares desta opción metodolóxica, e facémolo a partir de Cosme (2018):

Trata-se de uma opção que se explica, somente, em função da necessidade de conferirmos visibilidade a uma racionalidade pedagógica que pode ser caracterizada em função de três factores invariantes, os quais têm a ver com a importância que se atribui: (i) à noção de problema como elemento propulsor do projeto; (ii) à cooperação entre os alunos para definir quais as estratégias de abordagem dos problemas quer o investimento na resolução dos mesmos como experiência formativa e (iii) à partilha dos produtos e das aprendizagens realizadas como condição cuja dimensão formadora, tanto do ponto de vista cultural como do ponto de vista ético, importa respeitar (Cosme 2018:51-52).

Nunha aula de L1, o problema propulsor do proxecto a emprender polo alumnado nace dunha cuestión que suscite a curiosidade sobre a lingua, que sexa significativo e coherente cos obxectivos de aprendizaxe curriculares e executable no ámbito da xestión curricular escolar (espazo-tempo de aulas). Aínda que centremos esta reflexión na aula de L1, as posibilidades de realización do proxecto non se esgotan nesta disciplina curricular. Existen áreas curriculares cuxas aprendizaxes encontran no programa *LPCT* un potencial formativo adecuado, como é no caso do portugués “Cidadanía e Desenvolvemento”, do Curso Profesional de Técnico de Turismo, cuxo exemplo práctico é descrito neste libro por Ivone Monteiro.

Veremos, a continuación, como o programa *LPCT* responde aos requisitos necesarios para unha aprendizaxe de L1 desenvolvida a través dun proxecto centrado en cuestións de lingua.

5. DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS A TRAVÉS DO PROGRAMA *LPCT*

O programa *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional* favorece o desenvolvemento de aprendizaxes a través da metodoloxía do traballo por proxectos, contendo un elevado potencial formativo e establecendo procedementos capaces de garantir a execución dos obxectivos con considerable redución da aleatoriedade na relación problema-solución. Nas epígrafes seguintes, son descritos saberes que poderán ser adquiridos polos alumnos e alumnas a través da secuencia de actividades necesarias para a concreción do programa descrito na epígrafe 3.

Subxacente ás actividades previstas no programa *LPCT* está unha racionalidade científica que parte do problema para o desenvolvemento dun itinerario definido en etapas que se corresponden con (i) investigación e rexistro de información especificamente orientada, (ii) organización sistemática e metódica da información recollida e (iii) expresión e comunicación, de modo eficaz e creativo, da información e do coñecemento adquirido. A táboa seguinte mostra as tres etapas principais deste percorrido.

INFORMACIÓN E COÑECEMENTO		
Investigación e rexistro	Organización	Comunicación/divulgación
Procurar información de forma metódica e sistemática.	Comprender e ampliar coñecemento.	Comunicar o coñecemento adquirido.
Esta información é a que vai permitir: – sistematizar, clasificar, elaborar padróns; – desenvolver a consciencia das “fontes” na investigación lingüística.	Este coñecemento pode ser organizado de modo interdisciplinario e partir do contexto en que a escola se sitúa para aproximarse ás aprendizaxes curriculares.	A comunicación do que se recolleu e do coñecemento que os datos posibilitaron debe ser obxectiva e rigorosa e, ao mesmo tempo, clara e suxestiva. Pode revestirse de formas creativas de comunicación.

Táboa 1. *Etapas desenvolvidas no programa LPCT*

5.1. A preparación da entrevista

Aínda que o programa *LPCT* posúa procedementos, materiais e instrumentos particularmente ben definidos para as etapas da investigación, do rexistro e do envío da información (punto 3), hai aprendizaxes que o alumnado ten que realizar a medida que se prepara para determinadas actividades e que vai executando o proxecto.

Un conxunto desas aprendizaxes está relacionado co momento anterior ao da entrevista que vai realizar para obter a información, xa que, para que transcorra con éxito, os alumnos e alumnas teñen que ser capaces de:

- Explorar fontes documentais, verificando a súa credibilidade, para coñecer as actividades profesionais tradicionais da contorna da escola e, deste xeito, identificar o campo léxico a investigar.
- Seleccionar para a enquisa as persoas participantes máis representativas;
- Establecer contactos coas persoas seleccionadas e identificar con precisión datos persoais e o contexto da obtención destes.
- Obter o permiso das persoas participantes para colaborar na recolla dos datos.
- Organizar a loxística subxacente ao desprazamento e á realización da entrevista, tomando decisións para resolver eventuais problemas.

5.2. A entrevista

A realización da entrevista é unha situación comunicativa que implica unha certa formalidade e exixencia para o alumnado, conducente ao desenvolvemento de coñecementos, capacidades, actitudes e valores. No caso de *LPCT*, trátase dunha entrevista semiestruturada, apoiada nun formulario distribuído con antelación, mais que o alumnado ten que estudar, comprender e asimilar previamente para a obtención eficaz da información necesaria para executar as diferentes etapas do proxecto.

Para a súa realización os alumnos e alumnas teñen que recibir preparación para ser capaces de:

- Utilizar a linguaxe de modo eficiente para conducir un cuestionario científico, evitando a dispersión propia de situacións conversacionais informais.
- Utilizar con habilidade e de modo cortés a lingua nos contextos de comunicación creados durante as entrevistas.
- Dominar capacidades de comprensión e de expresión oral, escrita e visual para a captación e rexistro da información durante a realización das entrevistas.
- Realizar a entrevista de modo coidadoso, adecuado e educado.
- Colaborar en diferentes contextos comunicativos, de forma axeitada e segura, utilizando diferentes tipos de ferramentas (analóxicas e dixitais), con base nas regras de conduta propias de cada ambiente.
- Rexistrar no cuestionario, de modo preciso e rigoroso, a información relevante transmitida pola persoa entrevistada.
- Proceder á transcrición ortográfica rigorosa da realización sonora das palabras.



Imaxe 5. Alumnas da EBS de Rebordosa durante unha entrevista

5.3. O tratamento metódico e o envío dos datos

Tras a recolla e o rexistro da información durante a entrevista, é necesario regresar á sala de aulas para cubrir de modo preciso os ficheiros Excel, que son instrumentos da investigación científica en causa.

Esta actividade dá lugar a unha reflexión sobre as diferenzas entre fonética e fonoloxía, por un lado, e ortografía, polo outro. As diferentes realizacións fonéticas dunha mesma palabra, que será obxecto de transcripción ortográfica, poderá ser unha oportunidade para a concienciación do alumnado sobre fenómenos de non correspondencia entre fonema e grafema.

O exercicio implicado no tratamento metódico dos datos, que colocará ao alumnado e profesorado problemas específicos relacionados con criterios para a transcripción ortográfica de usos específicos da lingua distanciados do uso das xeracións máis novas, contén un potencial formativo elevado, xa que desenvolve unha actitude máis consciente da variación e da norma lingüísticas.

Así mesmo, en *LPCT* as alumnas e os alumnos deben clasificar gramaticalmente as palabras recollidas e enfrontarse á tarefa de describir o seu significado a través de definicións, nun e noutro caso de maneira sistemática e coherente. Deste xeito, os alumnos e as alumnas, convertidos en lexicógrafas/os, crearán entradas que poderán consultarse posteriormente a través do *TLPGP*.

5.4. A comunicación do coñecemento adquirido

Tras o envío dos datos recollidos ás lingüistas que van levar a cabo o traballo de lematización para inserir a información no *TLPGP*, o profesorado e o alumnado fican cunha gran cantidade de material lingüístico, discursivo, escrito e audiovisual diversificado e potenciador dun ciclo didáctico dedicado á comunicación do coñecemento obtido.

A variedade de xéneros textuais mobilizados para situacións reais de comunicación é considerable, mesmo se nos restrinximos aos que usualmente son obxecto de ensino e aprendizaxe escolares. Algúns exemplos que os documentos curriculares mencionan ao longo da escolaridade obrigatoria son os seguintes: glosarios, definicións, resumos, sínteses, esquemas, gráficos; narracións, dramatizacións, artigos xornalísticos, pósters, carteis, paneis, coloquios, debates; vídeos, documentais,

reportaxes. No caso de *LPCT*, os centros participantes elaboraron, entre outros, glosarios, blogs, aplicacións, vídeos, infografías, carteis e materiais expositivos para difundir a información recollida durante a realización do programa.

Esta etapa é propicia para o desenvolvemento de capacidades de transformación e de creación de produtos adaptados aos diferentes contextos naturais, tecnolóxicos e socioculturais, en actividades experimentais, proxectos e aplicacións prácticas desenvolvidas en ambientes físicos e dixitais, exercitando o pensamento crítico e creativo.

5.5. O traballo cooperativo para a resolución de problemas

Un traballo de natureza cooperativa como é a execución dun proxecto estimula o desenvolvemento de capacidades e coñecementos transversais ligados á intelixencia, á autonomía, ás relacións interpersoais e a saberes científicos, técnicos e tecnolóxicos, resultantes de actividades que capacitan os alumnos e alumnas para:

- Planear e dirixir investigacións.
- Xestionar proxectos e tomar decisións para a resolución de problemas.
- Desenvolver procesos conducentes á construción de produtos e de coñecemento, usando recursos diversificados.
- Adecuar comportamentos en contextos de cooperación, compartición, colaboración e competición.
- Traballar en equipo e usar diferentes medios para comunicarse presencialmente e en rede.
- Interactuar con tolerancia, empatía e responsabilidade.
- Negociar (argumentar) e aceptar diversos puntos de vista, desenvolvendo novas formas de estar, de ollar e de participar na sociedade.
- Desenvolver novas ideas e solucións, de forma imaxinativa e innovadora, como resultado da interacción cos outros ou da reflexión persoal, aplicándolas a diferentes contextos e áreas de aprendizaxe.
- Executar operacións técnicas, segundo unha metodoloxía de traballo adecuada, para alcanzar un obxectivo ou chegar a unha decisión ou conclusión fundamentada, adecuando os medios materiais e técnicos á idea ou intención expresada.

5.6. O coñecemento sobre a variación lingüística

Unha das potencialidades centrais do programa *LPCT* é, sen dúbida, a oportunidade dada aos alumnos e alumnas de valoraren a lingua e o patrimonio lingüístico como cultura e manifestación das formas de pensar o mundo e de que cada individuo se relacione en sociedade de acordo cos modos específicos de cada época. Esta posibilidade abre espazo para a consideración dos fenómenos de variación e mudanza lingüística, a través dos cales, como ben lembra Clara Barros, se desenvolve:

A consciencialización do fluir da língua no tempo e contribuí para a comprensión de que a variación de una língua é una dimensión intrínseca e consubstancial do seu funcionamento e da súa historicidade. Tal consciencialización implica: o coñecemento da evolución lingüística; a comprensión de fenómenos concretos dessa evolución; a consideración das fases de expansión/propagación das mudanzas; a regularidade da variación (Barros 2019:35).

A diversidade lingüística constitúe, sen dúbida, un tópico ineludible na reflexión sobre a lingua promovida pola realización do proxecto en causa, considerando non só aspectos xeográficos, senón tamén temporais, diastráticos e diafásicos. Aínda que o léxico teña un foco especial na recolla e envío de datos para o *TLPGP*, as entrevistas con persoas de xeracións máis vellas permiten a exposición a textos e discursos variados arredor do tema do proxecto que se estea a considerar (historias, cancións, adiviñas, proverbios, por exemplo). E son os diversos planos da lingua (fonético e fonolóxico, sintáctico, morfolóxico e lexical) os que poden constituírse en obxecto de reflexión no ámbito da variación e da mudanza lingüística.

6. CONCLUSIÓN

Como poden os profesores e profesoras responder a desafíos como o da perseveranza do alumnado durante o proceso de aprendizaxe, o da duración e consolidación das aprendizaxes e o do desenvolvemento de competencias lingüísticas e metalingüísticas? Retomamos un dos principios fundamentais asociados á aprendizaxe:

Transfer and retention are important goals of instruction. The more complex cognitive processes are useful in this regard. They transfer to other contexts from the one in which they are learned; once developed, they are retained in memory for fairly long periods of time. They also can be used as activities to facilitate mastery of educational objectives that include the less complex cognitive processes. In this latter case, complex cognitive process learning is a means to an end, rather than an end in itself (Anderson 2014:232).

Sendo así, a construción de secuencias de ensino e de accións pedagóxico-didácticas eficaces deberán prever non só a comprensión, senón tamén a realización de actividades, ambas integradas en dispositivos complexos que desafíen o desenvolvemento de competencias de nivel elevado. A organización de secuencias de aprendizaxe baseadas en investigacións como a proposta polo programa *LPCT* é unha das respostas pedagóxico-didácticas a ese obxectivo.